



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA.-

Asunto: Decreto aprobación lista de admitidos/as e excluídos/as definitiva. Apertura de BOLSA DE EMPREGO DE TERAPEUTA OCUPACIONAL para o Centro de día de Lousame.

Expediente: 2023/G003/000741– 2023/E001/000011

María Teresa Villaverde Pais, Alcaldesa do Concello de Lousame, e no uso das facultades conferidas pola lexislación vixente en materia de réxime local.

Á vista dos seguintes antecedentes:

1. Decreto núm. 7/2022 do 13.01.2022 no que se aproban as bases que rexen a formación dunha bolsa de emprego constituída para contratacións laborais temporais de Terapeuta Ocupacional para o Centro de día do Concello de Lousame, e no que se recolle a posibilidade de apertura da bolsa para a incorporación de novos candidatos e actualización dos méritos dos xa integrantes da mesma.
2. Memoria da Alcaldía do 07.09.2023, da necesidade da apertura da bolsa de emprego.
3. Decreto núm. 534/2023 de data 15.09.2023 polo que se aproba a apertura da bolsa de emprego de Terapeuta Ocupacional para o Centro de día do Concello de Lousame.
4. Decreto núm. 625/2023 de data 24.10.2023 polo que se aproba a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as do proceso de selección para a incorporación de novos candidatos, e actualización dos xa integrantes, na bolsa de emprego para realizar contratacións laborais temporais de Terapeuta Ocupacional do Centro de día do Concello de Lousame.

A vista do anterior, en aplicación do disposto na Base Décima, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Aprobar a seguinte lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as do proceso de selección para a incorporación de novos candidatos, e actualización dos xa integrantes, na bolsa de emprego para realizar contratacións laborais temporais de Terapeuta Ocupacional do Centro de día do Concello de Lousame.

	Nome:	Admitido:	Causa:
1	Cal García, Ana	NON	Non presenta a documentación esixida nas bases da convocatoria.
2	Insua Vázquez, Paula	SI	
3	Gómez Otero, Andrea	SI	

SEGUNDO.- Nomear, de acordo co disposto nas bases, ao Tribunal que estará formado polos seguintes membros:

Presidenta: Dna. Mónica Castaño Ourille.
Vogais: Dna. Nerea Antelo Cuns.
Dna. Natividad Hermo Santos.
Dna. María Pilar Calvo Abelleira.
Secretaria: Dna. María Filgueira Pérez.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

TERCEIRO.- Data, hora e lugar da fase de entrevista persoal:

A entrevista das persoas candidatas terá lugar o mércores 15 de novembro de 2023 a partir das 10:15 horas no Salón de Plenos do Concello de Lousame.

CUARTO.- Publicar a presente resolución de admitidos/as excluídos/as definitiva no taboleiro de anuncios do Concello máis no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello:

(<https://sede.lousame.es/opencms/es/informacion/tablon/>) de acordo co disposto na base undécima.

Asinado en Lousame, por medios electrónicos, pola Alcaldesa, M^a Teresa Villaverde Pais; do que eu, Paula Ares Otero, como secretaria e para os únicos efectos de fe pública, dou fe (R.D.128/2018, do 16 de marzo).

